

RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES POLA QUE SE APROBAN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN AXUDAS DE MOBILIDADE PARA O ALUMNADO E O PERSOAL DE CICLOS FORMATIVOS DE GRAO MEDIO E FP BÁSICA DE CENTROS EDUCATIVOS PÚBLICOS QUE IMPARTEN FORMACIÓN PROFESIONAL E QUE FORMAN PARTE DO CONSORCIO DE MOBILIDADE QUE DESENVOLVERÁ UN PROXECTO KA102 CON MÚLTIPLES BENEFICIARIOS NO MARCO DO PROGRAMA ERASMUS+. PROXECTO 2020-1-ES01-KA102-079982.

O Programa Marco «Erasmus+» para o período 2014-2020 posúe unha regulación legislativa propia fundamentada no Regulamento (UE) nº 1288/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2013, polo que se crea o Programa «Erasmus+», de educación, formación, xuventude e deporte da Unión Europea, publicado no Diario Oficial da UE Nº 347 o 20/12/2013.

Neste Regulamento establécese que existirá unha convocatoria anual de propostas que reúna as distintas accións do Programa Marco «Erasmus+» e a súa periodización. Recolle, así mesmo, que as condicións referidas nas respectivas convocatorias de propostas figurarán na *Guía do Programa Erasmus+* correspondente a cada convocatoria, formando parte esta mesma *Guía* da propia convocatoria de propostas.

A convocatoria de propostas correspondente a 2020 foi publicada no Diario Oficial da Unión Europea, do 5 de novembro de 2019 (EAC/A02/2019).

A Guía Erasmus+ para 2020 establece os obxectivos e características principais do Programa «Erasmus+», as entidades que poden participar nel, os orzamentos, os responsables da súa execución, así como as accións que este programa comprende, entre as que figuran, entre outras, proxectos de mobilidade para alumnado e persoal de ciclos formativos de grao superior dentro do sector Erasmus.

A Guía detalla os procedementos das distintas accións, os trámites de solicitude das axudas para a realización de prácticas, os criterios de selección e concesión tanto dos proxectos como do alumnado participante, e inclúe toda información relevante para a elaboración e concesión dun proxecto europeo de mobilidade Erasmus KA1.

Igualmente, a Guía Erasmus+ para 2020 informa sobre as liñas prioritarias de cada un dos sectores (escolar, adultos, formación profesional e Erasmus), e sobre a difusión e a sustentabilidade das liñas prioritarias que para os sectores da educación e da formación son establecidas pola Comisión Europea.

A Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional, a través da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, solicitou unha subvención da Unión Europea ao abeiro do programa sectorial Erasmus, correspondentes á Convocatoria nacional de propostas do Programa Erasmus+ para 2020.



A solicitude presentouse para un total de 30 mobilidades de longa duración e 240 de curta duración para estudantes de FP, para prácticas por motivos de aprendizaxe en países asociados ao Programa, para 90 mobilidades de formación do persoal, 15 mobilidades de docencia do persoal, 40 de profesorado acompañante e 3 de planificación previa. Na solicitude figura como institución organizadora e coordinadora do consorcio a Dirección Xeral de Formación Profesional, e como socios 54 centros educativos públicos (20 centros integrados de formación profesional, 33 institutos de educación secundaria e 1 centro de educación especial).

Mediante Resolución do 31 de xullo de 2020 da Dirección do Servicio Español para la Internacionalización de la Educación (SEPIE) publicáronse as listaxes de solicitudes seleccionadas, en lista de reserva, rexeitadas e excluídas de proxectos de Mobilidade das persoas por motivos de aprendizaxe KA101, KA102, KA104, KA108, KA116, Acción Clave 1, correspondentes á Convocatoria de Propostas do programa Erasmus+ 2020. A Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional resultou beneficiaria dunha axuda para o Consorcio de mobilidades por importe total de 1.257.738 €.

As mobilidades de alumnado e de persoal realizaranse no período de vixencia do convenio de subvención asinado co SEPIE, é dicir, ata o 2 de xullo de 2023.

O día 23 de outubro de 2020, o SEPIE e a Consellería de Cultura, Educación e Formación Profesional, a través da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, asinaron o convenio de subvención relativo a un proxecto con varios beneficiarios no marco do programa Erasmus+.

O convenio asinado ten o seguinte número: 2020-1-ES01-KA102-079982.

A cláusula II.18.1 do mesmo establece "O Convenio rexerese polo seguinte réxime xurídico e pola orde que se indica:

Dereito Comunitario: Convocatoria de propostas 2020 EAC/A02/2019 Programa Erasmus+ (2019/C373/06), as normas financeiras aplicables ao orzamento xeral da Unión e as ditas no seu desenvolvemento, así como, os actos xurídicos contractuais que regulan as obrigas entre a Axencia Nacional e a Comisión Europea, relativas á execución do programa Erasmus+.

Dereito nacional: Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións públicas, Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, Lei 47/2003, do 26 de novembro, Xeral Orzamentaria a súa normativa de desenvolvemento, e o non previsto, serán de aplicación supletoria as restantes normas de dereito administrativo xeral e especial, e no seu defecto, o Dereito común, todo iso en canto non se contradigan coa normativa comunitaria".

De acordo co establecido no punto 3 do artigo da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia a xestión das referidas axudas rexeranse polo réxime xurídico establecido pola Unión Europea para o desenvolvemento do Programa Erasmus+, xa que é unha subvención concedida pola Unión Europea e financiada totalmente con fondos europeos, sen prexuízo da aplicación de normas de organización e procedementos propios da Administración da Comunidade Autónoma. En calquera caso, esta lei aplicarase con carácter supletorio respecto da normativa reguladora das subvencións financiadas pola Unión Europea.



Tras a entrada en vigor do Decreto 58/2022, do 15 de maio, a denominación actual da Consellería é a de Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades. Así mesmo, o artigo 6 do Decreto 73/2022, do 25 de maio, suprime a Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pasando as competencias e funcións en materia de formación formación profesional a ser desenvolvidas pola Dirección Xeral de Formación Profesional»

Tendo en conta o anterior, esta consellería considera necesario establecer un procedemento para a concesión das axudas de mobilidades ao alumnado e ao persoal de ciclos formativos susceptible de acollerse a estas axudas e pertencente aos centros educativos públicos que forman parte do citado Consorcio de mobilidades.

Na súa virtude, e no uso das atribucións que me foron concedidas, esta Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

RESOLVE:

Artigo 1. *Obxecto*

A presente resolución ten por obxecto establecer as bases reguladoras e convocar as axudas de mobilidade destinadas ao alumnado (30 prazas de longa duración e 240 prazas de curta duración), ao persoal para docencia (15 prazas) e ao persoal para formación (90 prazas) de ciclos formativos de grao medio e FP Básica dos centros educativos públicos que forman parte do Consorcio de mobilidades, así como o organismo coordinador, neste caso a D.X. de Formación Profesional que ten concedido a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional no marco do Programa Erasmus+, para realizar mobilidades durante o período de duración do proxecto, ata o 2 de xullo de 2023.

Artigo 2. *Requisitos*

1. Poderá concorrer a esta convocatoria o alumnado que estea cursando ciclos formativos de grao medio e FP Básica durante os cursos 2021-2022 e 2022-2023, ou ben que acadara a súa titulación de grao medio ou FP Básica nos 12 meses anteriores ao fin da mobilidade, nos centros públicos que forman parte do Consorcio de mobilidades (vid. táboa art. 7.1), así como o persoal (profesorado, persoas inspectoras e asesores docentes) relacionado con ditos ciclos.
2. Non poderá ter a condición de beneficiario das axudas previstas nesta resolución o alumnado e o persoal que incorra nalgunha das circunstancias previstas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
3. A persoa solicitante debe cumprir os requisitos para obter a condición de beneficiario/a de acordo co artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma segundo indica o artigo 11 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007.



Artigo 3. *Comisión avaliadora dos centros educativos*

1. A selección das persoas candidatas será realizada por unha comisión avaliadora en cada centro educativo no que presta os servizos que estará integrada por:

Presidente/a: a persoa que exerce a dirección do centro educativo/organismo ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- O/a coordinador/a de programas europeos.
- Dous membros do equipo directivo do centro.

Secretario/a: un/unha profesor/a do centro, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa pertencente ao centro educativo.

Artigo 4. *Comisión avaliadora na Dirección Xeral de Formación Profesional*

1. A selección de persoas inspectoras e asesores docentes será realizada por unha comisión avaliadora na Dirección Xeral de Formación Profesional que estará integrada por:

Presidente/a: a persoa responsable da Subdirección Xeral de Cualificacións, Planificación e Xestión da Formación Profesional ou persoa en quen delegue.

Vogais:

- Dous xefes/as de servizo da Dirección Xeral de Formación Profesional.
- O/a asesor/a de programas europeos da Subdirección Xeral de Cualificacións, Planificación e Xestión da Formación Profesional.
- Secretario/a: un/unha funcionario/a da Subdirección Xeral de Cualificacións, Planificación e Xestión da Formación Profesional, que actuará con voz e voto.

2. Se por calquera causa, no momento no que a comisión avaliadora teña que examinar as solicitudes, algunha das persoas compoñentes non puidese asistir, será substituída pola persoa que para o efecto se nomee. Este nomeamento deberá recaer noutra persoa da Dirección Xeral de Formación Profesional

Artigo 5. *Criterios de selección do alumnado e persoal candidato en cada centro*

5.1 Criterios de selección do alumnado

1. Expediente académico (máximo 4 puntos). Terase en conta a nota media obtida polo/a estudante no primeiro curso do ciclo formativo. (no caso de alumnado para realizar a FCT) ou na totalidade de módulos do ciclo formativo (no caso de prácticas de alumnado titulado).

- Se a nota media é de 6 ou menos: 2 puntos.
- Se a nota media é de máis de 6 e menos de 8: 3 puntos.
- Se a nota media é de 8 ou máis: 4 puntos.

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, no caso de que sexa diferente á do país de acollida (máximo 4 puntos).



A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- a) Nota media do/a alumno/a no primeiro curso, no caso de que o idioma de traballo estea incluído no currículo do ciclo.
- b) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
- c) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.
- d) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección.

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 4 puntos).

O comité de selección considerará para este criterio a valoración das actitudes e comportamento do alumnado, tendo en conta as opinións e a información dada por aqueles que ensinen ao estudante en particular, dando máis puntos a aqueles alumnos/as considerados/as baixo este criterio máis adecuados para formar parte destas mobilidades.

Deberase obter neste apartado un mínimo de 2 puntos para poder ser seleccionado.

4. Criterios de desempate.

No caso de empate nos méritos darase prioridade, pola seguinte orde:

- 4.1 Aos estudantes de contornas socioeconómicas menos favorecidas.
- 4.2 Aos estudantes que nunca participaran nas mobilidades do Programa Erasmus+.

5.2 Criterios de selección do profesorado

1. Antigüidade no centro/organismo (máximo 2 puntos).

- Con data de destino definitivo anterior ao curso 2017-2018: 2 puntos.
- Con data de destino definitivo comprendida entre o curso 2021-2022 e 2017-2018: 1 puntos.
- Con data de destino provisional: 0 puntos.

2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 5 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

- a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
- b) Probas realizadas no propio centro, no caso de que non teña certificación de competencias lingüísticas.
- c) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección.

3. Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos).

Esta valoración farase tendo en conta a opinión do equipo directivo do centro/organismo sobre a idoneidade do profesorado para aplicar no centro a formación recibida.

Deberase obter neste apartado un mínimo de 1,5 puntos para poder ser seleccionado.

4. No caso de empate nos méritos, darase prioridade, pola seguinte orde:

- 4.1. Ao profesorado que nunca participara nas mobilidades do Programa Erasmus+.
- 4.2. Por sorteo.



Artigo 6. Criterios de baremación e selección de persoas inspectoras e asesores docentes na Dirección Xeral de Formación Profesional

1. Antigüidade no corpo (máximo 2 puntos).
 - Con antigüidade anterior ao curso 2017-2018: 2 puntos.
 - Con antigüidade entre o curso 2017-2018 e a actualidade: 1 punto.
2. Competencias lingüísticas no idioma do país de acollida ou idioma de traballo, en caso de que sexa diferente a do país de acollida (máximo 5 puntos).

A valoración das competencias lingüísticas farase tendo en conta as seguintes variables:

 - a) Certificacións de competencias lingüísticas aportadas.
 - b) Calquera outro método para probar as competencias lingüísticas decidido polo comité de selección.
3. Competencias persoais e actitudes (máximo 3 puntos).

Esta valoración farase tendo en conta a opinión da comisión de baremación sobre a idoneidade dos candidatos para aplicar nas súas funcións a formación recibida. Deberase obter neste apartado un mínimo de 1,5 puntos para poder ser seleccionado.
4. No caso de empate nos méritos, darase prioridade, pola seguinte orde:
 - 4.1. Ao candidato que nunca participara nas mobilidades do Programa Erasmus+.
 - 4.2. Por sorteo.

Artigo 7. Presentación de solicitudes

1. As persoas solicitantes que reúnan os requisitos para participar nesta convocatoria presentarán a solicitude normalizada, segundo o anexo desta resolución, no seu centro educativo.
2. Os/as directores/as dos centros educativos nos que se van realizar as mobilidades de alumnado ou persoal (profesorado e persoas inspectoras), enviarán a súa proposta de selección tendo en conta os criterios establecidos no artigo 5.
3. Os centros enviarán á Consellería a súa proposta de selección de alumnado para realizar a FCT ou as prácticas de titulados cunha antelación mínima de 30 días naturais respecto do comezo das mesmas por parte da primeira persoa en realizalas. Se no momento de levar a cabo a mobilidade o alumnado seleccionado para realizar a FCT no programa Erasmus + non cumpre os requisitos para cursala, a súa praza asignarase automaticamente á primeira persoa na lista de espera do seu centro.
4. Os centros enviarán á Consellería os resultados dos procesos de selección de persoal cunha antelación mínima de 30 días naturais respecto do comezo das actividades por parte da primeira persoa en realizalas.
5. No caso de persoas inspectoras e asesores docentes que reúnan os requisitos para participar nesta convocatoria presentarán a solicitude normalizada, segundo o anexo desta resolución, ante a Dirección Xeral de Formación Profesional nos prazos que se establezan

Artigo 8. Orzamento

1. O importe total das axudas económicas efectuarase con cargo aos conceptos orzamentarios 10.30.422M.480.5 e 10.30.422M.640.08 do exercicio económicos dos anos 2022 e 2023, da Dirección Xeral de Formación Profesional. A cada un destes conceptos corresponden respectivamente, 1.078.497,00 € a mobilidades do alumnado e persoas con



titulación recente (939.937,00 € para as de curta duración e 138.560,00 € para as de longa duración), 87.225,00 € a mobilidades de persoal (11.925,00 € para docencia e 75.300,00 € para formación), 90.000,00 € a apoio organizativo e 2.016,00 € para visitas de planificación previa, ata un importe máximo de 1.257.738,00 €.

2. O gasto proxectado queda sometido á condición suspensiva da existencia de crédito axeitado e suficiente para tal fin nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para os anos 2022 e 2023 e ao disposto na Orde da Consellería de Economía e Facenda do 11 de febreiro do 1998 (DOG do 19/02/1998) pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada polas Ordes do 27 de novembro do 2000 (DOG do 29/11/2000) e do 25 de outubro do 2001 (DOG do 29/10/2001).

Artigo 9. *Contías e criterios de distribución das axudas das mobilidades de alumnado e persoal (profesorado, profesorado acompañante, persoas inspectoras, asesores docentes e expertos de empresas).*

1. As 375 mobilidades concedidas (270 de estudantes e 105 de persoal) distribuiranse, segundo as preferencias indicadas polo alumnado e persoal seleccionado, entre os centros que forman parte do consorcio e que quedan recollidos nas seguintes táboas, por un máximo de:

- a) Mobilidades de ciclos de grao medio: 79 días
- b) Mobilidades de FP Básica: 37 días
- c) Mobilidades de persoas tituladas: 100 días
- d) Mobilidades de persoal para formación: 7 días
- e) Mobilidades de persoal para visitas preparatorias: 5 días
- f) Mobilidades de persoal acompañante: 7 días
- g) Mobilidades de persoas expertas: 7 días

A Coruña:

Código	Centro
15027502	CEE Manuel López Navalón
15022607	CIFP Ánxel Casal - Monte Alto
15016000	CIFP Compostela
15014556	CIFP Coroso
15006754	CIFP Ferrolterra
15021469	CIFP Leixa
15027897	CIFP Paseo das Pontes
15015767	CIFP Politécnico de Santiago
15006778	CIFP Rodolfo Ucha Piñeiro
15024513	CIFP Someso
15027770	IES A Sardiñeira
15015743	IES Arcebispo Xelmírez I
15025530	IES da Pobra do Caramiñal
15032081	IES de Fene



Código	Centro
15023314	IES de Sabón
15026406	IES Eduardo Pondal
15026698	IES Espiñeira
15023466	IES Lamas de Abade
15002591	IES Monte Neme
15027782	IES Ordes
15026030	IES Terra de Xallas
15005269	IES Urbano Lugo

Lugo:

Código	Centro
27006528	CIFP As Mercedes
27006516	CIFP Politécnico de Lugo
27020793	CIFP Porta da Auga
27016248	IES de Monterroso
27007247	IES Francisco Daviña Rey
27013326	IES Lois Peña Novo
27013636	IES María Sarmiento
27015773	IES Muralla Romana
27013934	IES Perdouro

Ourense:

Código	Centro
32008902	CIFP A Carballeira- Marcos Valcárcel
32015050	CIFP A Farixa
32016765	CIFP Portovello
32009116	IES 12 de Outubro
32014801	IES Cidade de Antioquía
32016285	IES de Vilamarín
32015475	IES O Ribeiro
32016431	IES San Mamede

Pontevedra:

Código	Centro
36007552	CIFP A Granxa
36014489	CIFP A Xunqueira
36020064	CIFP Carlos Oroza
36013448	CIFP Manuel Antonio
36014568	CIFP Valentín Paz Andrade
36015159	IES Chan do Monte
36018173	IES de Teis
36015184	IES Escolas Proval
36006730	IES Frei Martín Sarmiento



Código	Centro
36014544	IES Indalecio Pérez Tizón
36006419	IES Montecelo
36002359	IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez
36020350	IES Plurilingüe Pintor Colmeiro
36004137	IES Ramón M ^a Aller Ulloa
36017430	IES Ricardo Mella

2. A Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades resolverá segundo as propostas dos centros ata esgotar o número de prazas concedidas no proxecto.

3. Os importes das axudas por mes varían segundo o país no que se realizan as mobilidades e o tipo de mobilidade realizada.

Os importes aprobados por país e modalidade polo Programa Erasmus+ (convocatoria 2020) son os que figuran na seguinte táboa:

	Países de destino/Manutención	Importe mobilidade FCT (ciclos de grao medio) 11 semanas (79 días)	Importe mobilidade recén titulados (100 días)	Importe mobilidade FCT (FPB) 5 semanas (37 días)	Importe mobilidades persoal (profesorado para formación, profesorado acompañante e expertos de empresas) (7 días)	Importe mobilidades persoal (profesorado para visitas preparatorias) (5 días)
Grupo 1	Dinamarca, Finlandia, Irlanda, Islandia, Liechtenstein, Luxemburgo, Noruega, Reino Unido e Suecia	4.258 €	5.308 €	2.158 €	819 €	585 €
Grupo 2	Alemaña, Austria, Bélxica, Chipre, Francia, Grecia, Italia, Malta, Países Baixos, Portugal	3.663 €	4.566 €	1.857 €	728 €	520 €
Grupo 3	Bulgaria, Croacia, Eslovaquia, Eslovenia, Estonia, Hungría, Letonia, Lituania, Macedonia do Norte, Polonia, República Checa, Romanía, Serbia, Turquía	3.147 €	3.924 €	1.593 €	637 €	455 €

4. Para calcular o importe total de cada mobilidade de alumnado e persoal deberá sumarse o importe de manutención que corresponda por país e modalidade e o importe que corresponda para viaxe por distancia ao país de acollida.

5 As prazas de mobilidade estarán dispoñibles ata a data de finalización de proxecto, o 2 de xullo de 2023.



6. Se o número de candidatos seleccionados polo/s centro/s esgota o número de prazas concedidas no proxecto, a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades poderá establecer un número máximo de prazas para cada centro.

Artigo 10. *Ampliación de prazas*

As prazas poderán ampliarse como consecuencia de que:

1. Unha vez realizadas as mobilidades, houbese remanente suficiente que o permitise na partida de "Apoio á organización", tal como permite a cláusula I.3.3 do convenio de subvención asinado.

2. Se realizasen mobilidades por un período inferior ao máximo de días permitido; nestes casos redúcese o importe da axuda de forma proporcional aos días realizados.

No caso de que se ampliasen as prazas de alumnado ou persoal, adxudicáranse aos centros educativos que seleccione a consellería de entre os que forman parte do Consorcio. Estes centros terían un novo prazo para que o seu alumnado solicite as novas axudas.

Artigo 11. *Documentación que tramitarán os centros*

1. Os centros educativos, unha vez realizada a reunión da comisión avaliadora, farán unha listaxe provisional na que recollerán as persoas beneficiarias seleccionadas para as prazas ofertadas, por orde de prelación, e o alumnado/persoal excluído, coa puntuación se fose o caso, e a causa de exclusión. Esta listaxe provisional, asinada polo/a director/a e o/a secretario/a, deberá ser publicada no taboleiro de anuncios do centro o día seguinte ao do remate da reunión da comisión avaliadora. Na citada listaxe farán mención a que se aplicaron os criterios citados no artigo 5 e que o centro se compromete a gardar as probas documentais sobre o proceso de selección seguido, que poderán ser solicitadas pola Dirección Xeral de Formación Profesional no caso de revisión documental ou auditoría solicitada polo SEPIE ou outro organismo competente.

2. O centro abrirá un prazo de cinco días naturais, contados a partir da publicación da listaxe provisional, para a presentación de reclamacións por parte dos/as solicitantes.

3. Rematado o prazo de reclamacións, a dirección do centro resolveraa e elaborará unha listaxe definitiva de solicitantes seleccionados e excluídos, asinada polo/a director/a e o/a secretario/a, que fará pública no taboleiro de anuncios do centro.

4. No caso de persoas inspectoras e asesores docentes o proceso será análogo ao indicado nos apartados 1,2 e 3 deste artigo, aplicando os criterio de baremación e selección do artigo 6, sendo a Comisión avaliadora na Dirección Xeral de Formación Profesional a encargada de elaborar, asinar e dar publicidade as listaxes provisionais e definitivas.

Artigo 12. *Envío de documentación*

1. A dirección do centro enviará á Dirección Xeral de Formación Profesional a seguinte documentación en formato electrónico (e custodiará a dispoñible en formato en papel):



a) Solicitudes orixinais (anexo) se estas fosen en **formato electrónico**, ou escaneado e **compulsado dixitalmente se fosen en formato papel**.

b) Copia **compulsada dixitalmente** da listaxe definitiva de persoas solicitantes seleccionadas e excluídas.

c) Certificado de conta bancaria de cada unha das persoas beneficiarias.

d) Datos da mobilidade no formato de folla de cálculo establecido.

2. O prazo de envío da documentación será de cinco días naturais a contar a partir do día seguinte ao que se publique a listaxe definitiva das persoas solicitantes seleccionadas e excluídas.

Artigo 13. *Adxudicación das axudas*

1. Á vista da documentación achegada polos centros e das prazas que teñen asignadas, a Dirección Xeral de Formación Profesional elaborará a correspondente proposta de adxudicación das axudas e enviaralla á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que resolverá o que proceda, e nos termos previstos no artigo 34 do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, os/as interesados/as poderán interpor recurso potestativo de reposición ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, no prazo dun mes, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

2. Para os efectos establecidos no artigo 23.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, o prazo máximo para resolver as solicitudes correspondentes ás accións especificadas nesta resolución será de cinco meses, contados desde o día seguinte á data de remate do prazo de presentación de solicitudes. Transcorrido o dito prazo sen se ditar resolución expresa, as persoas interesadas poderán entender rexeitadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

Artigo 14. *Renuncia á axuda*

1. No caso de que por motivos xustificados un/unha beneficiario/a non poida facer a mobilidade para a que ten concedida unha axuda, este/a deberá presentar no centro educativo/organismo un escrito de renuncia. O centro educativo/organismo enviará o referido escrito á Dirección Xeral de Formación Profesional. Unha vez recibida, a Dirección Xeral elaborará a proposta de adxudicación da nova axuda e enviaralla á persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, que resolverá o que proceda, nos termos previstos no punto 1 do artigo 13.



2. Se o/a beneficiario/a tivera percibido un anticipo da axuda deberá reintegralo de acordo co procedemento que se recolle no Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que se lle comunicará por escrito cando se resolva a aceptación da renuncia.

Artigo 15. *Colaboración dos centros educativos*

1. Os centros educativos en colaboración con cada un dos socios de acollida integrantes no proxecto, preparará aos participantes para a súa estadía no centro de destino, coordinando os detalles da viaxe e aloxamento. Acordará un programa de traballo apropiado para os participantes coas empresas e institucións de acollida. Logo asinará un acordo de prácticas que recolla todas esas circunstancias, de acordo co establecido na normativa específica de Erasmus+. O acordo de prácticas será asinado entre o centro educativo, a empresa e o/a beneficiario/a. Este acordo de prácticas asinarase antes de comezar a estadía e será necesario dispor dunha copia para poder tramitar o 80% correspondente ao anticipo da axuda.

2. A persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades delegará a sinatura dos convenios de subvención Erasmus+ deste proxecto, entre cada centro educativo membro do consorcio e os beneficiarios, nos/as directores/as dos centros educativos.

3. Cada centro educativo e os beneficiarios das axudas asinarán o convenio de subvención Erasmus+ deste proxecto que regula as condicións de participación e desenvolvemento das mobilidades de prácticas.

4. No caso de persoas inspectoras e asesores docentes, a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades delegará a sinatura dos convenios de subvención Erasmus+ deste proxecto, entre a Consellería e os beneficiarios, no director xeral de Formación Profesional.

Artigo 16. *Pagamento das axudas*

16.1 Pagamento das axudas ao alumnado

1. As axudas faranse efectivas directamente ao alumnado beneficiario, en dous pagamentos, a través da conta bancaria indicada para tal efecto no certificado de conta bancaria aportado.

2. O primeiro pagamento será realizado en concepto de anticipo, polo importe do 80% da axuda concedida, unha vez que o/a beneficiario/a e o/a director/a do centro educativo asinen o convenio de subvención Erasmus+ para estudos e/ou prácticas entre países do programa, segundo o modelo establecido polo Programa Erasmus+.

3. Unha vez que o/a beneficiario/a remate a súa mobilidade, nos 30 días posteriores, terá que cubrir un cuestionario en liña na aplicación da Unión Europea (*EU Survey*), de acordo co establecido no Programa Erasmus+, e presentar un certificado da empresa conforme realizou as prácticas, coas data de comezo e remate da mobilidade. Esta enquisa individual considerarase solicitude de pagamento do 20% restante da axuda do/a beneficiario/a. No caso de que as datas de realización da mobilidade do alumnado fosen inferiores aos días



máximos indicados para cada modalidade de mobilidade, o pago do 20% restante minorarase de acordo co establecido no convenio de subvención.

4. A persoa beneficiaria está obrigada a comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

16.2 Pagamento das axudas ao persoal (profesorado, profesorado acompañante, e expertos de empresas)

1. As axudas ao persoal beneficiario faranse efectivas mediante unha transferencia ao centro educativo e o pagamento posterior ao beneficiario, a través da conta bancaria indicada para tal efecto, no certificado de conta bancario aportado.

2. No caso das mobilidades de persoal para formación, unha vez que remate a súa mobilidade, nos 30 días posteriores, terá que cubrir un cuestionario en liña na aplicación da Unión Europea (EU Survey), de acordo co establecido no Programa Erasmus+, e presentar un certificado da empresa conforme realizou a súa estancia, coas data de comezo e remate da mesma.

3. A persoa beneficiaria está obrigada a comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

16.3 Pagamento das axudas as persoas inspectoras e asesores docentes

1. As axudas faranse efectivas directamente ao persoal beneficiario, en dous pagamentos, a través da conta bancaria indicada para tal efecto, no certificado de conta bancario aportado.

2. O primeiro pagamento será realizado en concepto de anticipo, polo importe do 80% da axuda concedida, unha vez que o/a beneficiario/a e director xeral Formación Profesional asinen o convenio de subvención Erasmus+ para estudos e/ou prácticas entre países do programa, segundo o modelo establecido polo programa Erasmus+

3. Unha vez que o/a beneficiario/a remate a súa mobilidade, nos 30 días posteriores, terá que cubrir un cuestionario en liña na aplicación da Unión Europea (EU Survey), de acordo co establecido no Programa Erasmus+, e presentar un certificado da empresa ou entidade conforme realizou as prácticas, coas data de comezo e remate da mobilidade. Esta enquisa individual considerarase solicitude de pagamento do 20% restante da axuda do/a beneficiario/a. No caso de que as datas de realización da mobilidade do persoal fosen inferiores aos días máximos indicados para cada modalidade de mobilidade, o pago do 20% restante minorarase de acordo co establecido no convenio de subvención.

4. A persoa beneficiaria está obrigada a comunicarlle á entidade concedente ou, se é o caso, á entidade colaboradora, a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto



como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.

Artigo 17. *Transparencia e bo goberno*

1. A presentación da solicitude de concesión de subvención por parte da persoa interesada ou representante comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a consellería competente en materia de facenda da Xunta de Galicia, segundo o establecido no artigo 20.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Non obstante, a persoa solicitante ou representante poderá denegar expresamente o consentimento, en cuxo caso deberá presentar as certificacións nos termos previstos regulamentariamente.

2. De conformidade co artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e co previsto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, a consellería publicará na súa páxina web oficial a relación das persoas beneficiarias e o importe das axudas concedidas. Incluirá, igualmente, as referidas axudas e as sancións que, como consecuencia delas, puidesen impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

Artigo 18. *Compatibilidade das axudas*

Estas axudas son compatibles con outras de carácter xeral, aínda que o importe total recibido nunca poderá superar, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, o custo das actividades subvencionadas.

Artigo 19. *Perda das axudas*

1. A falsidade dos datos ou falsificación dos documentos que se presenten, calquera que sexa o momento en que se demostre a inexactitude, terá como consecuencia a perda de todos os dereitos dos/as solicitantes que incorran en tal situación e a devolución total da contía percibida, ademais das responsabilidades que procedesen, seguindo o procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do citado Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.

2. Calquera alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

Artigo 20. *Obrigas das persoas beneficiarias*

1. A persoa beneficiaria está obrigada ao reintegro, total ou parcial, da subvención ou da axuda pública percibida no suposto de incumprimento das condicións establecidas para a súa concesión, logo do procedemento establecido no artigo 77 e seguintes do citado Regulamento da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.



2. A persoa beneficiaria está obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control que lles correspondan.

3. Para os efectos do artigo 31.7 da Lei 9/2007, estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma, utilizarase a declaración responsable recollida no anexo desta resolución.

Artigo 21. *Protección de datos de carácter persoal*

De conformidade coa Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos persoais recollidos na tramitación desta disposición, cuxo tratamento e publicación autoricen as persoas interesadas mediante a presentación das solicitudes, serán incluídos nun ficheiro denominado «Alumnado», regulado na Orde do 26 de marzo de 2012 (DOG do 4 de abril) desta consellería, cuxo obxecto é xestionar o presente procedemento, así como informar ás persoas interesadas sobre o seu desenvolvemento. O órgano responsable deste ficheiro é a Secretaría Xeral Técnica. Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición poderanse exercer ante a Secretaría Xeral Técnica, mediante o envío dunha comunicación ao seguinte enderezo: Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades -Secretaría Xeral Técnica-Edificio Administrativo San Caetano, s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou a través dun correo electrónico a sxt.educacion@xunta.gal.

Artigo 22. *Modelos normalizados de formularios*

A sede electrónica da Xunta de Galicia ten á disposición das persoas interesadas unha serie de modelos normalizados dos trámites máis comunmente utilizados na tramitación administrativa (<https://sede.xunta.es/modelos-normalizados>), que poderán ser presentados en calquera dos lugares e rexistros establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Artigo 23. *Notificacións*

As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse preferentemente por medios electrónicos e, en todo caso, cando as persoas interesadas resulten obrigadas a recibilas por esta vía. As persoas interesadas que non estean obrigadas a recibir notificacións electrónicas poderán decidir e comunicar en calquera momento que as notificacións sucesivas se practiquen ou deixen de practicar por medios electrónicos.

A persoa interesada deberá manifestar expresamente a modalidade escollida para a notificación (electrónica ou en papel). No casos de persoas interesadas obrigadas a recibir notificacións só por medios electrónicos deberán optar en todo caso pola notificación por medios electrónicos, sen que sexa válida, nin produza efectos no procedemento, unha opción diferente.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido. Cando a notificación por medios electrónicos sexa de carácter obrigatorio ou fose expresamente elixida polo interesado, entenderase rexeitada cando transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.



Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e as entidades do sector público autonómico practicarán a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Artigo 24. *Adaptación*

Esta resolución adáptase ás normas que lle son aplicables da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como ás que figuran no regulamento desta lei, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

Disposición adicional primeira. *Infraccións e sancións*

As persoas beneficiarias destas axudas quedan suxeitas ao réxime de infraccións e sancións previsto para esta materia no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Disposición adicional segunda. *Obrigas*

As persoas beneficiarias teñen a obriga de facilitar toda a información que lles sexa requirida pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, así como pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, segundo dispón o artigo 14.1.k) da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Disposición adicional terceira. *Impugnación*

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpor potestativamente recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, segundo o disposto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou interpor directamente recurso contencioso-administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde a mesma data, segundo prevé o artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Disposición derradeira primeira. *Habilitación para o desenvolvemento*

Autorízase á persoa titular da Dirección Xeral de Formación Profesional para adoptar os actos e medidas necesarias para a aplicación desta resolución.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor*

Esta resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa comunicación aos centros educativos membros do consorcio.



Santiago de Compostela, na data da súa sinatura dixital

Román Rodríguez González
Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

